

RICARDA HUCH

O derradeiro verán

Unha narración epistolar

Traducido por Rosa Marta Gómez Pato



Hugin e Munin

DE LJU A KONSTANTIN

Kremskoje, 5 de maio de 19...

Querido Konstantin:

Acabo de tomar posesión do meu cargo e quero contarche como se presentan as cousas. Non dubido de que serei capaz de levar a cabo o que me propoño; as condicións semellan mesmo ser máis favorables do que cabería supor. Espertei simpatía en toda a familia do gobernador; ninguén amosa a menor desconfianza cara a min. En realidade, é natural; só nós, coñecedores do asunto, poderíamos temer o contrario. Se o gobernador fixo pescudas sobre a miña persoa, estas non me danarían. Dende o colexio até a universidade, os meus expedientes son brillantes, e o único que falaría na miña contra, que estou pelexado co meu pai, perde forza, xa que todo o mundo coñece o seu carácter tiránico e excéntrico. Aínda así, teño para min que o gobernador non pediu informe ningún. Amosa unha confianza tal que, á luz da situación na que se atopa, raia na inxenuidade, aínda que esa simplicidade ten que ver máis ben coa súa intrepidez e o seu xuízo erróneo sobre o ser humano. Ademais, semella que o meu posto aquí é obra da súa muller, quen, temerosa por natureza, dende que recibiu a carta de ameaza non pensa en máis nada ca en protexer a vida do seu home. A desconfianza tampouco non é propia da súa natureza. Se por un

lado ve perigos imposibles en cada recuncho da casa, polo outro sería capaz de ofrecerlle un prato de sopa ao asasino se crese que o pobre home non comeu nada quente.

Contoume que foi precisamente a túa carta a que o moveu a contratar un mozo que, co pretexto de traballar como secretario para o seu home, o protexese de eventuais ataques sen que el se apercibise.

Con todo, segundo me dixo, non foi quen de ocultar-lle ao marido nin o seu medo nin o seu plan. Só despois dos rogos encarecidos dela, e para que o deixase en paz, finalmente o gobernador aceptou, en parte tamén porque dende hai pouco sofre dunha neuralxia no brazo dereito que lle dificulta escribir. En contrapartida, puxo como condición que, polo menos durante a noite, estea baixo a única protección da súa muller. Os dous riron, e el engadiu que a súa dona é experta na fortificación dos cuartos e que confía plenamente nela, pois nunca se deitaría sen antes examinar todos os armarios e de xeito especial as cortinas, ao seu ver, os agochos preferidos dos malfeitores. Por suposto, engadiu ela nun ton vivaz, hai que ser precavido. Non é que sexa medorenta, mesmo de noite deixa as ventás abertas porque lle gusta que entre o aire fresco; no entanto, está pensando na posibilidade de enreixar as xanelas, pois, xa que as portas da casa están pechadas, a calquera que viñese con malas intencións non lle quedaría outra que entrar pola ventá. Porén, continuou, agora parece que, des que eu estou na casa, xa se sente máis tranquila. O seu rostro desbordaba simpatía ao pronunciar estas palabras. Eu contestei: «Iso espero. Interpretaría cada preocupación que tivese como unha reprimenda á miña lealdade».

No transcurso desta conversa o seu fillo entrou no cuarto. Miroume con cara de inquietude e preguntou:

